



Phocoena

Boletín Informativo
da C.E.M.MA.

Número 4



Febreiro 2001



NADAL NADALITO, ¡QUE NADAL NOS DECHES!

Xusto antes do Nadal pasado recibimos a primeira chamada pola presenza de pinnípedos nas nosas costas, chamounos o noso benquerido Andrés, policía municipal de Cariño, unha gran persoa con experiencia xa en custodia e rescate de ENOLES, ULITOS e agora NADALITOS, o mesmo Andrés lle puxo o nome. Despois das primeiras comprobacións para asegurarnos que a situación revestía urxencia e actuación, alá se desprazaron os compañeiros Josep e Alberte Chapela a recoller a foquiña.

Tiñamos a idea de preparar unhas instalacións para as foquiñas pero a realidade, como sempre, supera toda previsión. Ceos!, en Cariño outra vez!, era como un pesadelo circular deses que rematan e volven a escomezar... Nadal pasou a viaxe e os primeiros momentos moi ben, medía menos de 90 cm e pesaba 13 kg, polo que, digamos que, estaba mellor que ULI no momento da súa chegada.

Dende entón, NADAL pasou polas diferentes etapas da alimentación forzada: sondaxe gástrico, alimentación con trozos de peixe enteiros, peixes enteiros forzados, e actualmente xa é capaz de comer os peixes él so. Agora xa pasa a maior parte do día na terraza do IIM onde instalouse unha piscina de fibra (despois das catro piscinas de lona plástica que rompeu ULI o ano pasado, xa aprendimos a lección!!) lentamente. Aínda que todo parece ir ben, non se pode cantar victoria, xa que a recuperación dos cativos de foca é un proceso longo e cheo de problemas potenciais. Estaremos atentos a todos eles.

Por primeira vez dase o feito de que en Galicia, Asturias e Euskadi estanse mantendo simultaneamente tres foquiñas en recuperación. Agardaremos que non nos cheguen máis, pero si é así, serán ben recibidas.



RECUPERACIÓN

Ano de tartarugas en Galicia

Dende principios do ano, seguimos ingresando tartarugas mariñas nas instalacións do IIM-CSIC. Oito pequenas compañeiras uníronse a NINGUÉN (a tartaruga que pasou a primeira parta da súa recuperación no Aquarium Finisterrae), e as oito tartarugas que se ingresaron a finais do ano pasado. Todas elas presentaban unha sintomatoloxía parecida, con hipotermia, debilidade, desnutrición e inflamación das extremidades anteriores polos golpes que se dan al varar nas praias nos días de temporal. Todas elas responderon moi ben a os tratamentos instaurados e a súa evolución é moi favorable. Dos casos clínicos mais interesantes que temos actualmente, destaca o de COBA, unha tartaruga que apareceu varada cunha patoloxía pulmonar grave consistente na formación duna bolsa de aire na cavidade celómica, o que se coñece como pneumocele. Actualmente a remisión do pneumocele é clara, xa que diminuíu o seu volumen considerablemente, o que permite a COBA nadar e mergullarse normalmente, cosa que non podía facer o principio do proceso de recuperación. O caso é moi interesante, e estase a facer un seguemento continuado con análíticas sanguíneas, ecografías e radiografías de control para evaluar a evolución do proceso. Cun pouco de sorte, COBA poderá ser liberada coas súas “compañeiras de habitación” nesta vindeira primaveira. Mantendremosvos informados

puntualmente.



“Coba”, nas instalacións do IIM

Golfiño riscado vivo no Grove

O venres 19 de xaneiro a Unidade Móvil recibiu o aviso dun golfiño riscado varado vivo nunha praia de San Vicente de O Grove. O golfiño transportouse ata as instalacións do Aquarium-Galicia, onde mantívose nunha das piscinas ata a chegada dos veterinarios. Despois da exploración do animal, observouse que este presentaba una fractura da mandíbula inferior, a nivel da rama mandibular dereita e a nivel da sínfisis mandibular. Toda a zona rostral estaba practicamente destruída, e a parte das fracturas, observouse a perda da porción dérmica, perda de varias pezas dentarias, unha forte reacción inflamatoria na zona como resultado da infección instaurada. Ademais destas lesións, o golfiño estaba nun estado pre-comatoso e apenas tiña reflexos. Debido a estas lesións e ós problemas derivados delas, aínda que estas foran solventadas, (imposibilidade de inmovilizar a fractura, incapacidade para comer, problemas de recepción do sistema de ecolocalización...), decidiuse a eutanasia do animal. Na necropsia confirmouse a gravidade das lesións, e comprobamos como a nosa actuación foi a adecuada para rematar canto antes co

sofrimento do golfiño.



Detalle da mandíbula do golfiño riscado



CONSERVACIÓN

Liguria, o primeiro santuario para as baleas do Mediterráneo

A finais do ano 1999, os gobernos de Italia, Francia e Mónaco firmaron un tratado polo cal quedaba establecido o primeiro santuario mariño do hemisferio norte. Despois de dez anos de esforzos por parte de asociacións ecoloxistas e organismos científicos, case 100.000 km² do Mar de Liguria, situados entre a Costa Azul francesa, o Principado de Mónaco, a costa noroeste italiana e as illas de Córcega e Cerdeña, serán a partir de agora un refuxio seguro para os cetáceos.

Este verano será o primeiro en que os grandes rorcuais comúns, que realizan migracións estivais dende o sur do Mediterráneo hacia as ricas zoas do Mar de Liguria, co obxectivo de aparearse, poderán disfrutar de certa intimidade para levar a cabo os seus ritos amorosos. E é que o tratado compromete ás partes firmantes a establecer programas de seguimento científico das baleas e golfinhos, así como de coordinar esforzos para regular e evitar calquera actividade molesta para os cetáceos.

O tratado tamén ten moi en conta as actividades de educación medioambiental, que serán en gran parte continuación das que levan a cabo dende hai dez anos as organizacións ecoloxistas WWF e o Instituto Thetys italiano. Precisamente foron estas institucións as que propuseron por primeira vez, en 1989, a creación do santuario.

O camiño foi duro, con prohibicións parciais de uso de artes dañinas como as redes de deriva, reunións e declaracións de intencións dos tres gobernos implicados, e finalmente, en decembro de 1999, a declaración do santuario.

A firma do tratado é, de feito, unha conxugación de intereses sociais, políticos, económicos, pero sobre todo científicos e ambientais, xa que a zona está considerada de gran importancia biolóxica dentro do ecosistema do Mar Mediterráneo. As oceanográficas do Mar de Liguria producen que na primaveira exista unha elvada produción primaria de nutrientes, o que implica que moitas especies mariñas, e non só os cetáceos, se acerquen ata o novo santuario para alimentarse e reproducirse. As medidas de protección están basicamente encamiñadas ós cetáceos, pero é evidente que moitos outros habitantes da zoa non tan “emblemáticos” van a beneficiarse delas.

Ata catorce especies de cetáceos habitan en Liguria, das cales destacan varias especies de golfinhos como o riscado, o común, o arroás, os caldeíróns e o arroás boto, e os grandes cetáceos como os zifios, os cachalotes, ou sen dúbida o animal máis emblemático do novo santuario, o rorcual común. Estímase, que durante os meses de verán, as augas do Mar de Liguria están habitadas por cerca de 2000 baleas e entre 30.000 e 40.000 golfinhos.

As ameazas para todos os habitantes mariños da zona proveñen basicamente das actividades humanas. As máis importantes poden agruparse en tres grupos: a contaminación das augas, o tráfico marítimo comercial e o adicado ó Whale-watching, e finalmente, a pesca con redes de deriva. O tratado prevé medidas correctoras para todas elas, especialmente para o uso das artes non selectivas, que foron prohibidas en toda a extensión do santuario.

A declaración desta zona do Mar de Liguria como santuario mariño, fai incrementar dun 0,2% a un 4% a superficie mariña protexida en todo o Mediterráneo. A firma do tratado por parte dos tres países colindantes non pode considerarse como un punto e final, senó que se trata dun punto e seguido que abre a porta a posteriores acordos na mesma zona, e senta as bases para a protección doutras zonas no Mediterráneo e en todos os océanos do mundo.



Varamentos de cetáceos con vida

Os varamentos de cetáceos con vida son os acontecementos máis dramáticos que nos podemos atopar no noso traballo na CEMMA.

Afortunadamente dende que a nosa organización comezou a ter unha ampla implantación, comezamos a rexistrar cada vez máis casos de animais varados con vida, isto nos dá unha idea da incidencia destes casos pero tamén nos obriga a responder de xeito máis inmediato nestes casos.

Durante o ano 2000 aconteceron varios casos de exemplares varados vivos, algúns morreron pouco despois de ser detectados e antes da chegada das nosas unidades, outros foron liberados e outros morreron nas nosas mans.

O último caso aconteceu na praia de Vizocas en xaneiro do 2001 (ver apartado Recuperación neste mesmo boletín). Os varamentos de animais vivos abren diversos debates que ata o de agora resolvemos dun xeito intuitivo e nalgúns casos pouco reflexivo pero que quizais compre tomar con máis calma e reflexión, estes son:

- 1.- O límite de actuación dos equipos de rescate.
- 2.- A eutanasia como método de actuación non descartable.



Recuperación dun Grampus griseus en decembro de 1996

1.- Non hai ningunha dúbida que a situación de alerta diante dun exemplar varado vivo é prioritaria sobre calquera das demais alertas e así o levamos considerando dende o principio e levamos actuando consecuentemente. Hai que lembrar que a primeira inversión realizada en recuperación no ano 1996 foi a construción de tres padiolas para transporte. Coa mellora de medios e coa posta en marcha da unidade móbil melloramos un 1000%, sobre todo na resposta rápida que supón o 50% do éxito dunha acción de recuperación. LOURIDA foi atendida 5 minutos despois de recibir o aviso de varamento e dúas horas despois de varar estaba nadando nunha piscina do acuario do Grove, este foi o nos primeiro caso de éxito parcial...Pero compre establecer os límites de actuación porque ás veces as ansias que poñemos na labor céganos as circunstancias reais nas que nos atopamos. No ano 1996 abortouse unha actuación a un animal vivo nas augas cenagosas do Bao as 11 da noite en pleno temporal, no ano 1998 nos limitamos a asistir telefónicamente un varamento masivo as 10 da noite en Boiro, pola contra estivemos unha case unha semana asistindo ós caldeiróns varados no Vicedo e 24 horas asistindo a LOURIDA no Grove....Onde está o límite?

(continúa)




2.- Non podemos esquecer que ó traballar en labores de rehabilitación imos atopar máis casos de animais non recuperables que recuperables, disto temos que ser conscientes para non chegar á frustración e ó fracaso.

Dentro destas labores imos percurar manter a vida dos exemplares e sacalos adiante para devolvelos ó seu medio. O problema é que nos enfrentamos a especies mal coñecidas, tanto, que nen sequera podemos saber a primeira vista se o seu comportamento é ou non normal.

Un golfinho pode estar agonizando e consumindo os últimos segundos da súa existencia e nós podemos interpretalo como un momento de relax na súa loita pola supervivencia, ou pode estar sufrindo unhas convulsións previas á agonía e nós interpretalo como unha loita por zafarse da padiola na que a transportamos.

Todas estas situacións lévannos á reflexión sobre todos os métodos de tratar no momento da asistencia e sobre as decisións que hai que adoptar en cada caso.

Cando estamos diante dun animal varado vivo podemos dicir que estamos diante dun problema, cando non dun animal morto en vida. As accións que se poden levar a cabo son ben poucas: libéralo ou recollelo.



A primeira non debería ser considerada nunca pero así é levada a cabo en , só naquelas onde o exemplar está ben de saúde, ten un comportamento normal e unha boa natación, é moito pedirlle ó coitado nesa situación.

A recolección do exemplar conleva unha serie de consecuencias e compre analizar ben as súas características e estado de saúde para tomar decisións. O mantemento de cetáceos en rehabilitación é moi difícil e de dubidoso éxito pero non imposible, entón temos claro que o imos intentar.

Pero hai algúns casos onde non podemos obviar a eutanasia pois o noso obxectivo debe ser atenuar o sufrimento e non aumentalo ou alongalo se o obxectivo final, que é a rehabilitación e liberación é dubidoso.

Por poñer casos concretos: ¿que facer cunha cría de rorcual común recién nacida, esquelética, con queimaduras do sol por todo o corpo e varada viva?, ¿que facer cun golfinho coa boca destrozada e agonizante?, ¿que facer cun golfinho nacido de golfinho que apenas respira e non mantén o equilibrio?. Compre reflexionar se ten sentido alongar a vida destes animais cando comprobamos minuto a minuto que se van consumindo e que día a día van pesar menos ata que consuman a última molécula de ATP, que todo o alimento que lles damos non o poden asimilar, que a nosa compañía nada ten que ver coa da súa nai, que a natureza foi pouco xenerosa permitíndolles continuar vivindo ata dar co seu corpo agonizante na praia e que a pesar de todo ese sinsentido mírate ós ollos pedíndo non se sabe que.




VOLUNTARIADO

Neste número presentámosvos o proxecto CETUS, que levan a cabo membros de ESPARTE e ALNITAK (grupos pertencentes á SEC).

Proxecto CETUS

proyectocetus@wanadoo.es (Telfs.: 656623644 ; 655827943)

O proxecto Cetus, da Sociedad Española de Cetáceos (SEC), levado a cabo por membros de ESPARTE e coa cooperación, apoio e dirección técnica de ALNITAK, realiza un estudio sobre as poboacións de cetáceos e tartarugas mariñas no Mar de Alborán. Este estudio comezou en 1997 e lévase a cabo no NAUJA, un veleiro danés de 1930 construído na súa totalidade en madeira , que foi cedido en uso e custodia á SEC en setembro de 1999.



A Sociedade Andaluza para a Conservación e Estudio dos Cetáceos (ESPARTE), é unha ONG fundada en 1997, que leva a cabo estudos e campos de voluntariado destinados ó todo o público interesado. Como membro da SEC, comparte os mesmos obxectivos e pretende continuar a estreita e complexa relación do home e o mar, acercando á poboación os estudos científicos marinos mediante a divulgación e educación.

As especies que poden ser avistadas van desde golfinhos (comúns, riscados e arroaces) ata grandes baleas, pasando por outras especies de tamaño medio, como caldeiróns. Ademais, esporadicamente pódense observar cetáceos menos coñecidos como os cachalotes. Tamén son observadas gran variedade de aves mariñas, tartarugas e outros animais como peixe lúa, peixes espada e tafeiróns entre outros.

O estudo que se leva a cabo no NAUJA, inclúe diversas metodoloxías como a fotoidentificación, recollida de datos de acústica, de comportamento, de interaccións con outras especies e con actividades humanas, contaminación, etc. Esta investigación participa na designación de áreas mariñas protexidas no Mediterráneo.

As singladuras teñen unha duración de nove días, durante os cales se navega unha media de 8 horas diarias. Vólvese a porto todas as noites, aínda que se poden tocar distintos portos da zona debido ós intereses da investigación. Os participantes alojaranse no barco e realizarán tarefas tanto de navegación (timón, cartas , posicionamento por GPS, etc.), como de avistamentos de animais. Xunto co barco lévase unha embarcación tipo zodiac con motor fueraborda para as labores que sexan necesarias.



O NAUJA é un veleiro de madeira cunhas dimensións ideais para a labor que desempeña; ten 20 metros de eslora e 5.20 de manga. Dispón dunha amplitude que proporciona o espazo necesario para os traballos científicos que leva a cabo, e tamén aporta a comodidade necesaria para que os participantes coñezan e disfruten destes maravillosos animais. O barco presenta un alto nivel de seguridade para os navegantes e está completamente equipado para unha navegación segura e á vez clásica, mantendo ese aire que desprenden os barcos antigos como así o demuestra a súa inconfundible figura. Unha auténtica aventura nun barco doutro tempo.

As datas de embarque con saídas fixas son:

De Xuño a Setembro do: 1-9, 11-19, 21-29.

Octubre del 1-9.

En Semana Santa tamén haberá saída fixa.

O resto do ano pódense organizar grupos de fins de semana ou os días requeridos polos participantes. O número mínimo de participantes por grupo para realizar a saída é de 5 persoas e o máximo de 15.

O porto de embarque é o porto deportivo de



BIOCET

Baixo a denominación de BIOCET organizouse un proxecto europeo coordinado polo Dr. Graham Pierce da Universidade de Aberdeen que ten como obxectivo principal estudar a relación entre as substancias contaminantes bioacumuladas nos cetáceos e a influencia nos procesos reproductivos.

Este proxecto implica a cinco equipos de investigación correspondentes a cinco países europeos: Galicia, Escocia, Irlanda, Francia e Holanda. A ampla participación motivou que as negociacións e os papeleos foran árdusos, sobre todo cando a CE comunicou que se non había un recorte do 40% do orzamento o proxecto non iría adiante. Logo de longas negociacións e deliberacións chegouse a un acordo no recorte e o proxecto comezou oficialmente o 15 de xaneiro de 2001.

Este é o proxecto máis megalítico no que a CEMMA se viu implicada en todo este tempo.

Na parte galega, o proxecto está coordinado polo Dr. Angel Guerra e desenvólvese no seo do grupo de investigación ECOBIOMAR do IIM-CSIC. Profesionalmente están implicados Alfredo López como biólogo e Josep M. Alonso como veterinario, ademais do resto do equipo de investigación do propio IIM.

A primeira xuntanza do proxecto desenvolverase en La Rochelle, Francia, onde se establecerá a metodoloxía común para todos os equipos. Pola nosa banda aportaremos toda a experiencia da CEMMA e toda a metodoloxía desenvolvida no PREMA, así como as alteracións no que respecta á reprodución observadas durante estes anos nos animais varados para que sirvan de punto de partida para todo o traballo futuro que se levará a cabo dentro do BIOCET.

As foquiñas que chegan do norte

O pasado luns día 18 de decembro foi detectada a primeira cría da tempada de lobo mariño cincento ou tamén denominada foca gris (*Halichoerus grypus*) na praia da Basteira en Cariño. A Unidade Móbil de Asistencia de Animais Mariños de Galicia, logo de comprobar que o exemplar precisaba de axuda, decidiu recollelo para a Unidade de Cuidados Intensivos. Estas labours de asistencia a animais mariños varados lévanse a cabo a traveso do convenio asinado entre a Coordinadora para o Estudo dos

Mamíferos Mariños, o Instituto de (IIM-CSIC) e a Consellería de Medio Ambiente. O obxectivo destas accións é sempre a recuperación dos exemplares para libéralos en bo estado de saúde ó seu medio natural. Ó igual que o a principios do 2000 con ULISES, a foquiña deu superado a crise de varamento e o transporte ata Vigo, actualmente está sendo tratada e alimentada na Unidade de Cuidados Intensivos de Fauna Mariña do IIM-CSIC, a monitorización que se leva a cabo indica que o seguimento do seu estado de saúde é favorable. A CEMMA valora moi positivamente as labours divulgativas levadas a cabo coa recuperación de ULISES e a súa liberación, dado que a propia poboación é quen de avisar dos exemplares que detecta varados e mesmo proceder a súa asistencia nun primeiro momento en contacto directo cos técnicos responsables da Unidade Móbil. Queremos agradecer ó pobo de Cariño, autoridades municipais e especialmente á policía local o bó desenvolvemento do operativo de recollida de NADAL, este é o nome que en Cariño lle puxeron a esta nova foquiña. As focas grises nacen entre setembro e novembro nas costas de Irlanda, Bretaña e Gales e costas Peninsulares a partir de decembro, neste momento hai un exemplar en recuperación en Euskadi, dous máis foron avistados en Cantabria e Asturias e este caso de Galicia. Durante a tempada pasada (decembro 1999-marzo 2000) foron rexistrados en Galicia un total de 14 exemplares e uns 18 en todo o Norte Peninsular. A CEMMA quere facer incidencia no traballo de recuperación que se leva a cabo, co mencionado convenio, dado que redunda na conservación das especies e do medio mariño. Queremos manifestar tamén o noso rexeitamento ó mantemento de mamíferos mariños en cautividade dado que estas actividades van en contra dos obxectivos divulgativos e conservacionistas propostos pola organización. Coa exposición pública das actividades de asistencia e rehabilitación de focas salvaxes a CEMMA quere dar exemplo de actitude humana e ética medioambiental de cara á conservación, coa finalidade de que sexa o propio público o que rexeite as instalacións de animais con grandes capacidades cognitivas (gorilas, grandes carnívoros ou mamíferos mariños) presos.

NIN UNHA FOQUIÑA MAIS EN CAUTIVIDADE!



Richard O'Barry, o home que durante tempo adestrou os golfinhos da serie "Flipper", e despois de ver como morían uns tras outros, fundou a asociación Dolphin Project hai case vinte anos. O principal obxectivo desta asociación é promover a liberdade de todos os mamíferos mariños, divulgando os seus padecementos nestas condicións. A páxina web da súa asociación é www.dolphinproject.org.



Lembrádevos que o primeiro domingo de cada mes hai que facer o **DOCCE** (Día de Observación Costeira de Cetáceos). Así, os próximos serán o 4 de Marzo, 1 de Abril, 6 de Mayo e 3 de Xuño. Por favor, facede canto poidades e pasade os datos.



PHOCOENA

Coordinación e composición: Pablo Covelo, Jose Mtnez. Cedeira.

Colaboraron neste número: Alfredo López, Josep Alonso.

C.E.M.M.A.

Aptdo. Correos 165. Gondomar (Pontevedra)

(se queres escribir para o boletín especifica o sobre)

Tlf. móbil: 686 98 90 08

Web: <http://www.arrakis.es/~cemma/>

E-mail: cemma@arrakis.es

E-mail PREMA: tursion@iim.csic.es

Rex. Ministerio Interior nº 115083 // Rex. Com. Galega Med. Ambiente nº 24

Membro da Sociedad Española de Cetáceos (SEC)

Membro da European Cetacean Society (ECS)

